

Materiais didácticos e experiencias educativas innovadoras



**M^o Montserrat Castro Rodríguez
Xesús Rodríguez Rodríguez
M^o Helena Zapico Barbeito**
(coords.)

EDITORIAL
TOXO OUTOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Colección: Divulgación e ensaio
Editorial Toxosoutos, S.L.

© Toxosoutos, S.L.
© Fotografía cuberta: José María Mesías Lema

Revisión lingüística: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Edita: Toxosoutos, S.L.
Cruceiro de Rego, 2 - Obre
15200 NOIA (A Coruña)
Teléfono 981 823855
Correo electrónico: editorial@toxosoutos.com
www.toxosoutos.com

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.
graficas@graficassementeira.com

I.S.B.N.: 978-84-15400-79-0
Depósito Legal: C 78-2013

CAPÍTULO 25

CONVIVENCIA E INTERCULTURALIDADE NA NOSA ESCOLA

M.ª Inés Barreiro Noya, M.ª Antonia Callón Cameán, María Gómez Paz e M.ª Dolores Sanz Lobo

Colaboradores: Xosé A. Dobarro Posada, Teresa Otero Suárez e Mónica Veiga Gerbolés

1. A CONVIVENCIA E A EDUCACIÓN INTERCULTURAL NO NOSO CENTRO

Este proxecto xorde dun conxunto de inquietanzas do profesorado do IES Antonio Fraguas, que xa en cursos pasados traballara nesta liña, as cales se viron concretadas tamén polo feito de participar no Programa de apoio a centros de secundaria en zonas de atención preferente (PROA) e no Seminario Permanente «Mestura cultural, a interculturalidade na nosa escola», con sede no centro.

A convivencia e a educación intercultural foron os eixes que guiaron o noso traballo e que serviron como marco de reflexión e intervención na institución escolar. Partimos da convicción de que mellorar a convivencia implica formular a colaboración como obxectivo educativo, e esta idea de colaboración preside todo o traballo: colaboración entre o alumnado, colaboración entre os educadores, colaboración entre as institucións. Do mesmo xeito coñecer, compartir, a riqueza cultural que existe na aula e no centro valorándonos o que de positivo nos achega é un desafío para toda a comunidade educativa e tamén un obxectivo que os nosos centros de ensino deben afrontar.

O contexto en que se desenvolve o proxecto, o noso instituto, é unha réplica da enorme e rica variedade que se dá no contorno en que se insi-

re. O barrio das Fontiñas caracterízase pola diversidade da poboación e pola mocidade dos seus moradores. Na zona conviven diferentes de culturas, etnias (hai numerosas familias de etnia xitana), niveis formativos, situacións laborais, graos económicos, variedades no réxime de tenza de vivendas etc., aspectos que de por si non teñen connotacións negativas, mais que se non son traballados correctamente poden estar na base da incidencia da problemática do absentismo escolar ou doutras situacións de risco ou desamparo social que afectan ao colectivo infantil-xuvenil.

Do mesmo xeito, esta diversidade tamén vai estar presente nos usuários dos diferentes servizos e entidades do barrio; así, nos nosos centros escolares hai unha presenza importante de alumnado xitano e, en moito menor grao, estranxeiro: latinoamericanos, árabes, africanos e chineses.

Até agora esta diversidade vña sendo social, económica e mesmo cultural (como consecuencia das anteriores), mais sempre coas diferenzas marcadas dentro da cultura maioritaria. Nestes momentos a afluencia de inmigrantes de distintas procedencias é tímida e suave aínda, pero é algo en que é preciso traballar desde cedo, cun claro carácter preventivo, educativo, de adiantarse aos acontecementos. Para darlle unha resposta adecuada a esta realidade multicultural do contorno, o noso centro presenta como trazos que o definen estes que a continuación anotamos:

- a. O traballo no tocante á convivencia e a cultura da paz, que se recolle na programación xeral anual e no plan de acción litoral, así como en distintas actividades de formación do profesorado.
- b. A equidade e atención á diversidade.
- c. O enfoque desde a educación intercultural
- d. O ser un centro aberto ao contexto, o traballo en rede: «As reunións de barrio».

A través destas reunións de barrio coordínanse accións sociocomunitarias centradas no absentismo escolar e nas situacións de risco e desamparo polas que poden pasar algúns dos nenos e adolescentes do barrio.

É precisamente neste marco onde ten sentido este traballo: detectar as diferentes realidade culturais do noso centro e facelas visibles para que os seus membros, aínda que participantes de comunidades minoritarias, poidan atopar na institución escolar referentes propios cando menos nas súas actividades e eventos, e cando for posible mesmo no currículo das materias.

O noso obxectivo prioritario é promover respostas educativas integradas capaces de lle ofrecer unha educación de calidade ao conxunto de alumnado, respostas educativas que lagan ver a diversidade como un feito positivo en si mesmo e non como un problema que se pretenden desenvolver asumindo en solitario. Todos os obxectivos que se pretenden desenvolver nas distintas actividades e programas relacionados coa convivencia teñen como grandes metas ou directrices as seguintes:

- a. Fomentar entre o alumnado os valores e principios en que se sustenta a convivencia democrática.
- b. Pular a mellora da comunidade e das habilidades sociais entre os diferentes membros da comunidade escolar para favorecer as relacións entre eles.
- c. Traballar dun xeito preventivo co fin de evitar as condutas problemáticas.
- d. Aprender a aplicar estratexias pacíficas de resolución de conflitos.
- e. Preparar o alumnado para vivir nunha sociedade caracterizada por unha gran diversidade cultural.
- f. Fomentar actitudes que reforcen a comprensión e a solidariedade entre a cidadanía.
- g. Promover a aprendizaxe cooperativa.
- h. Promover o desenvolvemento social e moral con base en valores de aceptación universal como os reflectidos na Declaración dos dereitos humanos.
- i. Afrontar a aprendizaxe da convivencia pensando no conflito como algo inevitable e necesario, e aproveitar a oportunidade educativa que nos ofrece.
- j. Esperar o interese polo coñecemento e o respecto doutras culturas e afondar nel.
- k. Favorecer unha tolerancia, un respecto e un interese maiores cara ás distintas desigualdades existentes segundo o sexo, a raza, a cultura, a relixión etc.
- l. Propiciar un clima de centro que, baseado na convivencia, entenda a interculturalidade como un sinal de identidade propia.

A metodoloxía empregada dirixiuse tamén a fomentar, desde unha perspectiva interdisciplinar e na mesma liña que fundamenta o conxunto das

actividades realizadas, o uso de estratexias de aprendizaxe que levasen o noso alumnado a desenvolver habilidades interpersoais de comunicación e traballo en grupo, como o diálogo construtivo, a escucha activa e a negociación, a valoración da diversidade e a responsabilidade persoal, xunto co compromiso e as relacións solidarias. A continuación presentamos unha mostra significativa das actividades realizadas arredor deste proxecto.

2. CONCURSO DE CARTEIS

A convocatoria dun concurso de carteis para todo o alumnado do centro buscou traballar e plasmar, por medio de distintas técnicas plásticas, a concepción actual que o noso alumnado ten da interculturalidade e dos distintos modelos de convivencia das culturas presentes no centro educativo. Convocouno o Departamento de Normalización Lingüística, mais a elaboración e posterior exposición dos carteis organizárona distintas áreas como Educación Plástica, Lingua, Tutorías...

A reflexión previa sobre a idea que se quere recoller nun debuxo e nunha frase supón poñer en marcha todas as concepcións e pensamentos que temos e todo o que sentimos sobre o tema que far, neste caso o que a convivencia é e debería ser. O coñecemento, o respecto e a convivencia entre os distintos membros da comunidade escolar foron, pois, o fin último que se pretendía traballar e poñer de relevo con este concurso destinado a todo o alumnado do centro e que tivo lugar ao longo do primeiro trimestre.

3. EXPOSICIÓN SOBRE A CULTURA XITANA: CULTURAS PARA COMPARTIR

A exposición «Xitanos hoxe. Culturas para compartir» foi unha experiencia educativa levada a cabo en colaboración coa Fundación Secretariado Xitano que contribuíu a detectar e facer visibles as diferentes realidades culturais do centro. Dado o considerable número de alumnos de etnia xitana que estuda no IES Antonio Fraguas, a escola abriu as súas portas ao entender que con esta experiencia lña a oportunidade de autenticar os seus referentes dentro do currículo, de dar a coñecer a súa cultura e de rachar vellos estereotipos e prexuízos.



Vista guiada á exposición

Os obxectivos que vertebraron a experiencia foron estes:

- a. Preparar o alumnado para vivir nunha sociedade caracterizada por unha gran diversidade cultural.
- b. Fomentar actitudes que reforcen a comprensión e a solidariedade entre a cidadanía.
- c. Facer visible a cultura do pobo xitano.
- d. Espertar o interese polo coñecemento e o respecto doutras culturas e afondar nel.
- e. Favorecer unha tolerancia, un respecto e unha atención maiores cara ás distintas desigualdades existentes segundo o sexo, a raza, a cultura, a relixión etc.
- f. Propiciar un clima de centro que, baseado na convivencia, entenda a interculturalidade como un sinal de identidade propia.

A exposición contaba con cincuenta e seis paneis explicativos acompañados de fotografías, que se agrupaban en seccións temáticas presentadas con colorido diferente e coas seguintes cabeceiras:

1. No camiño desde a India, Orixe e movementos migratorios

2. Unha historia de persecucións e sufrimentos. Lois discriminacións e momentos graves de persecución
3. Un pobo sen fronteiras. Xitanos en España e noutros países
4. Unha cultura oral. Información sobre a súa lingua: romani, caló
5. A familia extensa, corazón da comunidade. Respecto e valores na familia xitana
6. A alegría de vivir. Festas e celebracións
7. Oficios tradicionais. Cestería, chafaneó, restauración de antigüidades etc.
8. Herdanza dos sabores. Cultura gastronómica
9. Música. Audicións e nomes de artistas de sona do pobo xitano
10. As artes por descubrir. Creadores "patos" que se inspiraron neste pobo
11. Xitanos e xitanas hoxe. Situación actual da comunidade xitana: venda, emprego etc.

Amparo, muller da etnia xitana e mediadora cultural da Fundación Secretariado Xitano, fixo de guía para os rapaces polas distintas seccións da exposición e transmítilles con moita enerxía e entusiasmo a ampla riqueza cultural da súa comunidade. Asistiron á exposición todos os grupos de 1.º e 2.º da ESO, en que hai matriculado un maior número de alumnos xitanos, e bastantes do resto dos cursos. Así mesmo, contouse coa presenza de algúns pais e nais, de representantes da Administración (da Consellería de Educación e do Concello de Santiago) e, por suposto, rapaces e rapazas doutros centros.

Esta actividade tivo ademais unha vertente interactiva, pois os asistentes tiveron a oportunidade de xogaron con dominós e con programas interactivos de ordenador como o *Maj Khetane*, e de aprender así algunha palabra do romani: *karmelar*, *pinreles*, *chaval*, *canguelo*... De igual maneira, ao final da exposición participamos nun lume de campamento, con todos sentados arredor dunha cacharela. Os rapaces e rapazas xitanos do noso centro contaron un conto con que lembraron e reviviron a pasada vida nómada dos seus.

Rematamos esta experiencia educativa coa formulación dun cuestionario a través do cal o alumnado constatou os coñecementos adquiridos

sobre o pobo xitano e a súa cultura, os prexuízos existentes na nosa sociedade e a importancia dalgún dos valores presentes nesta comunidade,

4. CINEFORUM

O cinema resulta un gran medio de expresión artística, de comunicación e manifestación cultural. É considerado un importante recurso educativo nas nosas escolas para apoiar as tarefas educativas, pois con el podense transmitir valores e facilitar a interiorización de conceptos, procedementos e actitudes difíciles de transmitir soamente coa palabra, mais para isto é básico aprender a facer unha reflexión crítica sobre tal medio.

Nesta actividade fixemos unha selección de filmes e de webs de cinema apropiados para o noso alumnado en que salientan o tema da convivencia e o respecto cara as distintas culturas presente no noso contorno. Entre as webs podemos mencionar as seguintes:

- <<http://www.auladecine.com>>
- <<http://www.sodepaz.org>>
- <<http://www.lrudibizias.com/castellano>>
- <<http://www.educastur.priscast.es>>
- <<http://www.gti.profes.net/educacion>>
- <<http://www.usergioarboleda.edu.co/bienestar>>
- <<http://www.monografias.com/trabajos23/formacion>>
- <<http://www.uhu.es/cine-educacion/cineyeducacion>>

E, entre os filmes, estes: *O segredo da pirámide*, *Réquiem por un camariño español*, *O show de Truman*, *Voando libre*, *Rebelión*, *A química do ouro*, *A princesa prometida*, *Oriente é oriente*, *O nome da rosa*, *Mafalda*, *Máis pena que gloria*, *Xogo de bágoas*, *A lingua das balboretas*, *Gattaca*, *Hoxe empeza todo*, *Quero ser como Beckham* ou *Flores doutro mundo*.

Os dous últimos (*Quero ser como Beckham*, *Flores doutro mundo*) foron proxectados para o todo o alumnado do centro e posteriormente traballados nas horas de tutoría. Para iso elaboramos unha ficha de cada película con que se pretendía incidir nos seus aspectos máis salientables, aspectos que nos interesaba comentar co noso alumnado co obxecto de reflexionarmos acerca de valores tan importantes como o respecto, a tole-

rancia e a convivencia entre as distintas culturas presentes no noso centro educativo e no noso barrio.

5. BO ROLLO

«De bo rollo» é un proxecto experimental de convivencia sobre a prevención dos conflitos escolares para 1.º de ESO levado a cabo no IES Antón Fraguas e ideado pola UMAD¹. Defínese como un proxecto de prevención universal que se desenvolve en tres bloques:

- un Programa de habilidades sociais;
- un Programa de convivencia e coeducación, que aborda temas acituais para a adolescencia como o acoso escolar (*bullying*), a igualdade de xénero ou a tolerancia;
- e diferentes obradoiros con diversas actividades para os momentos de recreo e ocio abertas a todo o alumnado do centro.

Púxose en marcha coa colaboración de toda a comunidade educativa e perseguíu diminuír os factores de risco (dificultades nas relacións interpersonais, estilos actuais de vida baseados no consumismo, dependencia do grupo de iguais), así como aumentar os factores de protección (melloras das habilidades sociais, traballo colaborativo, educación en valores), co obxectivo de mellorar as relacións existentes entre todos os seus membros. Isto implica, así mesmo, a intención de previr posibles condutas problemáticas entre o alumnado: violencia e acoso escolar, consumo de drogas, absentismo etc.

Levouse a cabo ao longo do curso escolar 2005-2006, e as profesoras encargadas de desenvolve-lo foron unha psicóloga e unha educadora social da UMAD. Tamén foi relevante a colaboración da orientadora do centro, os titores e as titoras de 1.º de ESO, profesorado voluntario e diferentes estudantes da USC en prácticas que quixeron participar no proxecto achegando ideas e realizando algúns dos obradoiros para os recreos. Reticimos a seguir os contidos tratados en cada sesión dos dous diferentes programas, así como as actividades que se efectuaron nos recreos:


- Programa de habilidades sociais. Traballáronse diferentes habilidades da vida cotiá, como pedir desculpas, dar e recibir queixas ou afrontar conflitos de forma asertiva.

¹ UMAD: Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes.

b. Programa de convivencia e coeducación. Neste programa abórdanse temas actuais que puidesen resultar interesantes para o alumnado, como a coeducación, a violencia de xénero e o maltrato entre iguais (ou acoso escolar).

c. Actividades dos recreos. Entre os meses de novembro de 2005 e maio de 2006 puxéronse en marcha obradoiros e actividades moi diversas dous días á semana nos recreos, entres os cales podemos citar estes:

- Obradoiro de lazos e debuxos das mans polo Día da SIDA. Tomando como referencia esta data fíxose un obradoiro para crear lazos vermellos de tea que se repartiron despois entre o alumnado e o profesorado. Ademais, o alumnado debuxou os perfís das súas mans para posteriormente decorar algunhas das paredes do centro.
- Xogo de rastrexo e pistas. A través de diferentes pistas colocadas en certos lugares do instituto, varios grupos de alumnos tiveron que facer un pequeno quebracabezas onde aparecía unha frase que logo tiñan que debuxar.
- Campaña de Nadal (recollida de alimentos, xoguetes e libros e obradoiro de postais de Nadal). Nestas datas o alumnado decorou caixas de cartón para a recollida de alimentos, xoguetes e libros. Realizouse tamén un obradoiro de postais.
- Obradoiro de papiroflexia e cometas tridimensionais. Unha das profesoras do centro, coñecedora da papiroflexia, ofreceuse para levar a cabo co alumnado un obradoiro sobre este tema. Tamén se fixeron, para o Día da Paz, varias cometas tridimensionais con paus finos de madeira e papel de seda que botaron a voar os alumnos que participaron nestes obradoiros.
- Obradoiro e desfile de disfraces de Entroido. Para conmemorar esta festa realizouse un obradoiro de disfraces con materiais de refugallo. No desfile posterior premiouse a súa orixinalidade.
- Mural polo Día da Muller Traballadora. Tomando como referencia esta data realizouse un mural, que se expuxo no corredor da entrada do centro, en que se reflectían diferentes mulleres destacadas da historia, así como situacións da vida cotiá relacionadas coa temática.



Obradoiro de cometas tridimensionais

- Obradoiro de globoflexia. Dúas alumnas de prácticas expertas na materia quixeron levar a cabo este obradoiro onde o alumnado, en diferentes sesións, fixo figuras con globos.
- Obradoiro de danzas do mundo. A profesora de música foi a encargada de levar a cabo este obradoiro en que, por medio da música e de diferentes bailes e danzas característicos de distintos lugares e zonas do mundo, se pretendía educar o alumnado na rica diversidade de que dispoñemos, ao tempo que se trataba o ritmo e o movemento.
- Obradoiro de fundas para móbiles. Os alumnos personalizaron fundas para o móbil, actividade en que se facía un primeiro deseño en papel que despois pasaban a feltro, recortaban e pegaban na funda.

Nas actividades antes mencionadas fomentouse en todo momento o traballo cooperativo, en grupos heteroxéneos, co que se pretendía mellorar a convivencia e prever a discriminación e a exclusión, o que implica aprender a traballar con suxeitos con diferentes características e fomentar actitudes de respecto, de aceptación, de compañeirismo e de solidariedade. Os valores universais tamén estiveron presentes nos programas de habilidades

sociais e convivencia e coeducación, posto que eran actividades que perseguían implícitamente o fin de promover unha boa convivencia no grupo.

6. EXPOSICIÓN DE LIBROS EN DIVERSAS LINGUAS

Foi unha exposición de libros de literatura infantil e xuvenil, así como de publicacións periódicas, escritos nunha gran variedade de linguas entre as que podemos mencionar o galego, o bable, o alemán, o gaélico, o chinés, o romaní ou o sardo entre outros.

A idea partiu do Departamento de Orientación, motor inicial, que a desenvolveu xunto co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, o Servizo de Biblioteca, o Seminario Permanente «Mezclura cultura, a interculturalidade na nosa escola» e o alumnado de 3.º da ESO de diversificación coa materia optativa de Biblioteca, que contribuíu á organización e montaxe.

A visita á exposición; a elaboración dos mapas en que se localizan as distintas linguas; o coñecemento das linguas oficiais e non-oficiais, maioritarias e minoritarias nas institucións europeas; a elaboración de gráficos comparativos dos falantes de cada lingua; a chegada aos seus alfabetos, así como a elaboración dunha bibliografía básica, foron algunhas das actividades que contribuíron a un maior coñecemento, difusión, valoración e respecto das distintas linguas.



Vista do alumnado da Primaria á exposición de libros

Desta forma tentamos aglutinar todos os programas e proxectos levados a cabo no instituto durante o pasado curso escolar, a incidirmos, máis unha vez, no tema transversal recollido na programación anual co título «A convivencia escolar no centro» en todas as súas concepcións: non-violencia, coeducación, coñecemento e respecto doutras culturas con presenza minoritaria (árabe, chinesa, xitana...), alén de presentar a biblioteca como un espazo de traballo e non apenas un lugar de lectura e oficina de empréstamo de libros.

7. SELECCIÓN DE WEBS

Hoxe en día a internet é unha importante rede de difusión e transmisión de coñecementos e experiencias. Durante o deseño e a posta en marcha deste proxecto visitamos unha gran variedade de webs que cremos interesantes para o noso labor docente. Páxinas cunha gran cantidade de recursos educativos que serven ben para levar a cabo nas nosas aulas ou ben para o profesorado e/ou o alumnado coñecer novas experiencias, ideas etc. A continuación recolleemos unha selección de webs, non sen esquecermos reclamar unha actitude crítica co seu contido, pois non somos responsables deles:

- <http://www.educacionenvalores.org>, páxina onde se poden atopar actividades e recursos acerca deste tema transversal.
- <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/temas.as.php3>, con recursos por materias, temas, etapas educativas...
- <http://www.acpp.com/escuelas%2Dsin%2Dracismo.htm>, sobre o proxecto «Escola sen racismo» da Asemblea de Cooperación pola Paz.
- <http://www.educacion.gob.es/dctm/cee/publicaciones/seminarios/seminario-2000-atencion-diversidad-escuela-intercultural.pdf?documentId=0901e72b80b297d4>, actas do Seminario sobre a Atención á Diversidade. A escola intercultural, organizado polo Consello Escolar do Estado en Madrid no ano 2000.
- http://www.orozco.cc/Educa/Docus/v_emigran.n.htm, recursos educativos para traballar na aula o 12 de outubro cunha mirada crítica e plural.
- <http://www.aulainter-cultural.org>, o portal da educación intercultural.

g. <http://w3.cnice.mec.es/novedades/dossiers/discriminacion/index.html>, páxina sobre a discriminación racial moi interesante e con moito material útil para traballar nas aulas.

h. http://www.afs-intercultural.org/educacion_intercultural1.htm

AFS é unha organización de voluntariado sen ánimo de lucro, sen ningunha vinculación de tipo político nin relixioso, que promove oportunidades de aprendizaxe intercultural co fin de axudar as persoas a desenvolveren os coñecementos, as habilidades e a comprensión que se necesitan para crear un mundo máis xusto e pacífico.

i. <http://directorio-guia.congde.org/guaderecursos/>, guía de recursos de educación para o desenvolvemento. Moi completa e estruturada por temas, destinatarios e formatos. Esta guía quere ser un instrumento útil e práctico para a consulta dos diferentes materiais e experiencias de educación para o desenvolvemento que levan a cabo as ONGD. Permite coñecer de xeito sinxelo as diferentes metodoloxías en educación para o desenvolvemento que se aplican na actualidade.

j. <http://www.enar-eu.org>, da Rede europea contra o Racismo (European Network Against Racism).

k. <http://www.erionet.org>, da Oficina Europea de Información sobre os Xitanos (European Roma Information Office).

l. <http://www.educa.rcanaria.es/unidadprogramas/pereniaces.asp>, onde podemos atopar ligazóns ás páxinas de distintas ONG e organismos internacionais (ACNUR, Educación sen Fronteiras, MPDL, Interión Oxfam, ONU) e outros como Enredate (Unicef), Edualter, Contaminame, Fuhem...